

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**Tipo Convocatoria:** Extraordinaria**Data:** 01 de abril de 2025**Duración:** Dende as 20:00 até as 20:45 horas.**Lugar:** SALÓN DE PLENOS**Presidida por:** FRANCISCO CALO ABELLEIRA**Secretario:** ANDRES BUSTO ALLO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
8451*	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
7924*	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
7970*	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
9610*	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
8438*	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
3272*	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
8177*	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
7871*	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
2650*	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
3278*	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
7931*	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ



2600*	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
2777*	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

1.-Dar conta das Resolucións da Alcaldía núm. 2025-120 e 2025-0166 de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local e Tenentes de Alcalde.

O Sr. alcalde procede a dar lectura dos Decretos 2025-0120 e 2025-0166 sen que se produzan mais intervencións ou suxestións.

2.-Dar conta da Resolución da Alcaldía núm. 2025-0167 de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local e Concelleiros/as Delegados/as de Área.

O Sr. alcalde procede a dar lectura do Decreto 2025-0167 sen que se produzan mais intervencións ou suxestións.

3.-Expediente 340/2025. Cargos Públicos (Dedicacións, Retribucións e Indemnizacións).

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Mediante Providencia de Alcaldía de data 21 de marzo de 2025, dispúxose a emisión de Informe Xurídico sobre a normativa aplicable e o procedemento a seguir para o recoñecemento de dedicación exclusiva e parcial a membros da Corporación.

A Alcaldía, desde o punto de vista da organización interna, considera que os cargos de Alcaldía, Concelleiro delegado das Áreas de Urbanismo, Desenvolvemento Forestal, Medio Ambiente, e Coordinación da Brigada de Obras, e Concelleiro delegado de Deportes necesitan dunha dedicación exclusiva e parcial, respectivamente, coas retribucións que iso leve, polos motivos expresados na Providencia de inicio do expediente. Así mesmo, cómpre proceder á aprobación do novo réxime de indemnización por asistencia a órganos colexiados, así como do novo réxime de dotación económica aos grupos políticos municipais.

Vista a proposta de resolución PR/2025/30 de 24 de marzo de 2025 fiscalizada favorablemente con data de 24 de marzo de 2025, a proposta da Comisión Informativa de Servizos, o Pleno da Corporación adopta o seguinte

ACORDO



PRIMEIRO. Revogar o réxime de dedicación exclusiva e parcial, así como todos os dereitos económicos que desta se derivan, aprobados por sendos Acordos adoptados polo Pleno da Corporación de datas 24 de xullo do 2023 e 17 de xullo do 2024, e que se refiren aos seguintes cargos:

O cargo de Alcaldía da Corporación en réxime de dedicación parcial ao 20%.

O cargo de 1º Tenente de Alcalde en réxime de dedicación exclusiva.

O cargo de 2º Tenente de Alcalde en réxime de dedicación exclusiva.

O cargo de Concelleiro/a de Obras e Servizos en réxime de dedicación exclusiva.

SEGUNDO. Determinar que os cargos de Alcaldía e Concelleiro delegado de Deportes realicen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva.

Determinar que o cargo de Concelleiro delegado das Áreas de Urbanismo, Desenvolvemento Forestal, Medio Ambiente, e Coordinación da Brigada de Obras realice as súas funcións en réxime de dedicación parcial ao 90%.

TERCEIRO. Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensuralidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensuralidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

— O cargo de Alcaldía, percibirá unha retribución anual bruta de 39.500 €.

— O cargo de Concelleiro delegado de Deportes percibirá unha retribución anual brutade 34.500 €.

A ditas contías aplicaráselles o incremento retributivo que cada ano se aprobe para o persoal do sector público.

As citadas retribucións non inclúen os trienios aos que teñan dereito as persoas que ocupen os respectivos cargos.

O presente acordo retributivo retrotraerá os seus efectos, en canto á dedicación da Alcaldía, ao día 1 de marzo de 2025.

CUARTO. Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensuralidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensuralidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir



esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

— O cargo de Concelleiro delegado das Áreas de Urbanismo, Desenvolvemento Forestal, Medio Ambiente, e Coordinación da Brigada de Obras percibirá unha retribución anual bruta de 34.400 €, cunha dedicación equivalente ao 90% da xornada ordinaria de traballo.

A dita contía aplicaráselle o incremento retributivo que cada ano se aprobe para opersoal do sector público. A citada retribución non inclúe os trienios aos que teñadereito a persoa que ocupe o respectivo cargo.

O presente acordo retributivo retrotraerá os seus efectos, á data do seu nomeamento como Concelleiro delegado, ao día 24 de marzo do 2025.

QUINTO. Determinar que os membros da Corporación que non perciben retribucións por dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

Por asistencia ás sesións do Pleno: 100 €.

Por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local: 120 €.

Por asistencia ás sesións das Comisións Informativas: 60 €.

Por asistencia ás sesións da Comisión Xeral de Coordinación: 75 €.

En calquera caso só se cuantificará unha asistencia por día, con independencia do número de sesións que se celebren.

SEXTO. Fixar a asignación en concepto de dotación económica anual aos grupos políticos constituídos, determinando a súa distribución consonte ao disposto no art.73.3. da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, da seguinte maneira: 150 € por grupo político, e 60 € por concelleiro.

As asignacións non poderán adicarse ao pago de remuneracións de persoal de calquer tipo ao servizo da Corporación nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Todo isto sen prexuízo do disposto no parágrafo quinto do artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, RBRL, consonte a redacción establecida na citada Disposición derradeira sétima da Lei Orgánica 1/2025, de 2 de enero, de medidas en materia de eficiencia do Servicio Público de Xustiza.

SÉTIMO. Aprobar e dispor a cantidade de 108.400,00 euros á que ascenden as retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva e parcial.

OITAVO. Aprobar e dispor a cantidade de 16.560,00 euros á que ascenden as dotacións



a grupos políticos municipais.

NOVENO. Publicar de forma íntegra o presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, aos efectos do seu xeral coñecemento. Asímesmo, publicar a resolución na sede electrónica deste Concello [<http://outes.sedelectronica.gal>].

Debate: iníciase o debate coa lectura íntegra da proposta de acordo por parte do Sr. alcalde.

Toma a palabra a Sra. Quintela Vilariño, voceira do grupo municipal de Compromiso Outes, para sinalar, en síntese, que esta proposta lévalle ao finais dos anos 90 do século pasado coa creación da comisión de coordinación. Indica tamén que se decretou o cese do Sr. Caamaño como tenente alcalde 3 semanas despois de nomealo e pregúntase se estamos diante da primeira crise de goberno e chámalle a atención que dito concelleiro mantén na práctica a mesma remuneración con un tercio das competencias. Continúa a súa intervención adiantando que o seu grupo votará en contra desta proposta porque sempre se opuseron a existencia de comisión de coordinación xa que supón un duplicidade da Xunta de Goberno e incrementa o gasto en 14.000 euros anuais e tamén teñen dúbidas sobre a legalidade da adicación parcial ao 90% do Sr. Troncoso xa que a xurisprudencia indica que por riba do 75% considérase dedicación completa. Remata a Sra. Quintela Vilariño lembrando o informe da secretaria municipal respecto a situación do Sr. Caamaño, dando lectura ao apartado de conclusións do mesmo, indicando que estarán vixiantes á espera da revogación do seu nomeamento.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Núñez Fernández, lembrando que no ano 2023 o Partido Popular fixo unha campaña de descrédito do goberno tripartito acusándoo de ser o mais caro da historia e cifraban dito gasto en 500.000 euros no total da lexislatura, polo que a vista desta proposta, ao PP debería caerlle a cara de vergoña, xa que sumando as dedicacións completas e parcial, a creación da comisión de coordinación, o aumento do importe das asistencias á Xunta de Goberno e Pleno, sale unha estimación de 139.000 euro aproximadamente, co cal en catro anos estaríamos case na cifras de gasto das que acusaban ao goberno tripartito. Remata a súa intervención indicando que despois dun mes perdido, as delegacións de áreas aos concelleiros xenéranlle dúbidas xa que a brigada de obras e a súa coordinación figuran en áreas diferentes e o mesmo acontece con festexos e eventos e tamén pregunta que dispoñibilidade vai ter a concelleira delegada de persoal.

Toma a palabra o Sr. alcalde lembrando que o goberno tripartito, no inicio deste mandato, afirmaba que a súa organización e réxime de dedicacións era a mais axeitada para o concello e agora con esta proposta o novo goberno tamén considera que esta organización é axeitada. No tocante ao suposto aumento de gasto, sinala que, segundo



os datos do servizo de Intervención municipal, datos que non se poden manipular, esta proposta supón 145.000 euros/ano en remuneracións das dedicacións incluíndo as cuotas sociais, o que supón un aforro de 40.000 euros /ano con respecto ao goberno tripartito, recalcando que estes datos xa os pediran ao anterior goberno en agosto de 2023 e nunca lle foron facilitados. Sinala tamén que aínda facendo a comparativa co ano 2024, na que o anterior alcalde deixou a dedicación exclusiva segue existindo un aforro de 27.000 €/ano. Remata o Sr. alcalde esta intervención indicando que dentro de 2 anos, cando remate a lexislatura, teremos de novo dos datos da Intervención municipal para demostrar o aforro nos anteditos gastos.

VOTACION:

Votos a favor: 7 (6 PP, 1 PSOE).

Votos en contra: 6 (4 CxO, 2 BNG)

Abstencións: 0

Polo tanto, a proposta que aprobada nos termos nos que está redactada.

4.- Expediente 359/2025. Recoñecemento de Compatibilidade por parte dos Cargos Públicos.

FEITOS E FUNDAMENTO DE DEREITO

Considerando a solicitude de recoñecemento de compatibilidade do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Outes, co exercicio marxinal e residual da actividade privada de enxeñeiro técnico agrónomo.

Visto o Informe de Secretaría e de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

Vista a proposta de resolución PR/2025/32 de 24 de marzo de 2025, propónse a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Recoñecer a D. Francisco Calo Abelleira, Alcalde-Presidente da Corporación, a compatibilidade co exercicio da actividade profesional de enxeñeiro técnico agrícola como traballador autónomo, a través da súa oficina técnica sita neste Municipio, por entender que a mesma non impide nin menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes nin compromete a súa imparcialidade e independencia, e que non lle afecta ningunha das circunstancias que fan incompatible o exercicio de actividades privadas recollidas nos artigos 1.3, 11 e 12 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

SEGUNDO. Notificar o Acordo adoptado á persoa interesada o cal deberá presentar



declaración sobre o recoñecemento de compatibilidade para a súa inscrición no Rexistro de Intereses correspondente.

Debate: comeza o debate cunha breve explicación da proposta por parte do Sr. alcalde.

Toma a palabra a Sra. Quintela Vilariño para manifestar que con esta proposta o goberno cae nun renuncio, xa que un dos supostos motivos polo que presentaron a moción de censura era que o Sr. González compartía a Alcaldía coa súa profesión, polo que con esta proposta aquel motivo xa non se sostén.

Toma a palabra o Sr. Núñez Fernández, para manifestar que esta proposta de compatibilidade é unha falacia xa que o anterior alcalde compatibilizaba o cargo coas suas responsabilidades na universidade pero coa diferenza de que reduciu o salario a carga do concello. Remata a súa intervención aclarando que o seu grupo non cuestiona a compatibilidade senon o que critican é o engano ao pobo de Outes po ser éste un dos supostos motivos que xustificaban a moción de censura.

Toma a palabra o Sr. Caamaño Lestón para aclarar que a compatibilidade do Sr. González López era realmente unha redución da xornada laboral xa que deixaba de vir ao concello varios días á semana.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que a entrega ao concello será ao 100%, pero que a casuística da súa profesión fai que non se podan concluir os traballos en curso de un día para outro e tamén hai que ter en conta que hai dúas persoas traballando e recorda que están explicadas as razóns no expediente é informado favorablemente pola Secretaría municipal. Remata a súa intervención puntualizando que o anterior alcalde non tiña recoñecida a compatibilidade senon que cambio o réxime de dedicación exclusiva a parcial.

Toma a palabra, no turno de réplica, a Sra. Quintela Vilariño para puntualizar que non pon en dúbida a dedicación do alcalde pero tamén sinala que hai alcaldes que non cobran remuneración polo cargo e teñen dedicación total.

De seguido fai uso do turno de réplica o Sr. Núñez Fernández para preguntarlle ao alcalde se pode asegurar que non vai adicar un sólo minuto a súa profesión a mesmo tempo que o seu cargo, xa que unha cousa éo papel e outra a realidade, xa que segue sendo o responsable da oficina e remata sinalando que o seu grupo non está en contra da compatibilidade pero non de esta forma.

Remata o debate coa intervención do Sr. alcalde para manifestar que está claro o seu compromiso co concello e coa dedicación total ao cargo.

VOTACION:

Votos a favor: 7 (6 PP, 1 PSOE).



Votos en contra: 0

Abstencións: 6 (4 CxO, 2 BNG)

Polo tanto, a proposta que aprobada nos termos nos que está redactada.

5.- Expediente 344/2025. Creación da Comisión Informativa de Planeamento urbanístico.

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Por Providencia de Alcaldía de data 24 de marzo do 2025, considerando necesario e conveniente proceder á creación da Comisión Informativa de Planeamento Urbanístico, iniciase o expediente e ordénase a emisión de Informe de Secretaría.

Con data 24 de marzo do 2025, pola Secretaría emítese informe sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir en relación con este asunto.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

— O artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— Os artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Vista a proposta de resolución PR/2025/34 de 24 de marzo de 2025, propónse a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Crear a Comisión Informativa de Planeamento Urbanístico, destinada ao estudo, análise, informe e consulta sobre os seguintes asuntos: a aprobación inicial, provisional ou definitiva, así como a modificación e revisión de plans e instrumentos de ordenación urbanística que sexan competencia do Pleno da Corporación.

SEGUNDO. A Comisión Informativa de Planeamento Urbanístico estará integrada por un total de 7 membros, dos que, en virtude do principio de proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación, corresponderanlle 3 escanos ao grupo municipal do Partido Popular, 2 escanos ao grupo de Compromiso Outes, 1 escano ao grupo do Bloque Nacionalista Galego, e 1 escano ao Grupo Mixto.

O Alcalde-Presidente é o Presidente nato da Comisión Informativa, salvo delegación en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seo.



A Secretaría da Comisión será exercida pola da Corporación ou funcionario en quen delegue.

TERCEIRO. A Comisión Informativa de Planeamento Urbanístico reunirase en sesión ordinaria coa antelación suficiente prevista na lexislación sobre réxime local, previamente á convocatoria do correspondente Pleno ordinario ou extraordinario, aos efectos de ditame dos asuntos a incluír na súa orde do día, á mesma hora que o Pleno correspondente. De cadrar a sesión en día inhábil, convocarase para o día solto anterior.

CUARTO. Comunicar este Acordo aos diferentes Grupos Políticos Municipais, facéndolles saber que deberán designar aos seus representantes na Comisión, notificándoo por escrito en prazo de 10 días hábiles dende a adopción do presente Acordo.

Debate: comeza o debate coa explicación por parte do Sr. alcalde da proposta de acordo.

De seguido fai uso do seu turno a voceira de CxO, Sra. Quintela Vilariño, para manifestar que esperan que a creación desta comisión informativa sirva para rematar o proceso de dotación do chan industrial de Outes.

De seguido fai uso do seu turno o voceiro do BNG, Sr. Núñez Fernández, para sinalar, en síntese, que a dotación de dotar a Outes de chan industrial inicie coa iniciativa de Compromiso Outes na anterior lexislatura e impunsaldo polo goberno tripartito, lembrando tamén que o Partido Popular non moveu un papel nos anos anteriores.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que o acordo inicial de modificación do PXOM para a dotación de chan industrial foi promovido por Compromiso co apoio do Partido Popular. Remata a súa intervención sinalando que este grupo de goberno vai seguir co proceso e con esta comision preténdese dotar da máxima transparencia ao mesmo.

VOTACION:

Votos a favor: 13 (6 PP, 1 PSOE, 4 CxO, 2 BNG).

Polo tanto, a proposta que aprobada por unanimidade nos termos nos que está redactada.

6.- Expediente 347/2025. Modificación do artigo 3 do Regulamento Orgánico da Corporación.

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO



Por Providencia de Alcaldía de data 24 de marzo do 2025, considerando necesario e conveniente proceder á modificación do artigo 3 do Regulamento Orgánico Municipal, iniciase o expediente e ordénase a emisión de Informe de Secretaría.

Con data 24 de marzo do 2025, pola Secretaría emítese informe sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir en relación con este asunto.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

— O artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— Os artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Vista a proposta de resolución PR/2025/31 de 24 de marzo de 2025, propónse a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 3 Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Outes coa redacción que a continuación se recolle:

«Artigo 3. Presidencia e Secretaría da Comisión.

O presidente da comisión é o alcalde e este designará entre os seus membros un concelleiro que desempeñe as funcións de secretario para os efectos de estender a acta que expresará o lugar, data e participantes na sesión, e recollerá sucintamente as cuestións obxecto de deliberación e as propostas que se adopten”.

Non obstante o anterior, as funcións de Secretaría da Comisión tamén poderán ser exercidas pola persoa que ostente a Secretaría da Corporación, ou, en caso de ausencia ou impedimento desta última, por unha persoa con condición de persoal funcionario de carreira.»

SEGUNDO. Someter a modificación do Regulamento Orgánico Municipal a información pública e audiencia dos interesados, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 30 días, co obxectivo de que os cidadáns poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que estimen oportunas. As alegacións que se presenten serán resoltas pola Corporación.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no prazo indicado, a modificación considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de novo acordo expreso por parte do Pleno.



TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos necesarios para a execución dos acordos anteriores e para a tramitación do expediente correspondente, incluíndo a súa publicación e comunicación aos órganos competentes.

Debate: comeza o debate coa explicación por parte do Sr. alcalde da proposta, sinalando que o obxectivo é darlle maior rigor e transparencia ao funcionamento da comisión de coordinación, co fin de que se de fe por parte de persoal funcionario da celebración das sesións de dito órgano.

Toma a palabra a Sra. Quintela Vilariño para reiterar o desacordo do grupo de Compromiso Outes coa creación da comisión xeral de coordinación por considerar que sólo é un instrumento para remunerar aos concelleiros do goberno que non teñen dedicación.

De seguido fai uso do seu turno de palabra o Sr. Núñez Fernández, voceiro do grupo do BNG, para sinalar que esta proposta é outro engano porque non poñen o gasto que supón a comisión de coordinación, indicando que o cálculos son sinxelos e que rondan os 15.600 euros anuais cando no goberno anterior eran cero euros. Remata a súa intervención manifestando que esta modificación do regulamento orgánico non é mais que unha maquillaxe xurídica e lembra tamén este tipo de comisión foron declaradas ilegais noutros concellos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para lembrar que a proposta é simplemente para modificar o artigo 3 do Regulamento Orgánico co fin de darlle total transparencia a antedita comisión e remata sinalando que o goberno tripartito presume de que tiñan reunións de coordinación sen coste, pero non existen ningún documento ou acta que o acredite.

Remata o debate coa pregunta da Sra. Agra Tuñas ao Sr. alcalde se os membros da oposición van ter acceso as actas da comisión de coordinación ao que o Sr. alcalde responde que si.

VOTACION:

Votos a favor: 7 (6 PP, 1 PSOE)

Votos en contra: 2 BNG

Abstencións: 4 CxO

Polo tanto, a proposta que aprobada e nos termos nos que está redactada.



O alcalde declara rematado esta acto, sendo as 20:45 horas, do que eu, como secretario, dou fe.

Vº e praxe

O alcalde

Asdo. Francisco Calo Abelleira

O secretario

Asd. Andrés Busto Allo

